

EXPTE: 10/2015 E.L. – CONTRATO MENOR DO SUBMINISTRO DE ALUGUER DE VEHÍCULO GRÚA PARA A RECOLLIDA DE RETIRADA DE VEHÍCULOS DURANTE A SEMANA SANTA DO ANO 2015”.

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN E DE APROBACIÓN DO GASTO

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vista a proposta do concelleiro de persoal e seguridade cidadá de data 19 de marzo de 2015, de incoación do expediente do contrato menor do SUBMINISTRO DE ALUGUER DE VEHÍCULO GRÚA PARA A RECOLLIDA DE RETIRADA DE VEHÍCULOS DURANTE A SEMANA SANTA DO ANO 2015”, de retención do gasto preciso para o financiamento deste aluguer, polo importe de 1.633,50 euros e de solicitude de oferta e demais documentación acreditativa da súa capacitación e habilitación para a prestación do subministro de referencia á empresa Talleres Méndez Fernández SL”.

Vista a documentación presentada por Rosa Fernández Novo, en representación de Talleres Méndez Fernández SL, o 25 de marzo de 2015, con rexistro de entrada número 2653, e feita a comprobación de que a documentación é correcta.

Visto o Informe da Intervención de data 26 de marzo de 2015, autorizando a aprobación do gasto para o finazamento do aluguer da grúa durante os días 1 e 5 de abril (ambos incluídos) de 2015, polo importe de 1.633,50 euros na partida orzamentaria 13300 22799 do orzamento do ente separado “Entidade Local”, a nivel de vinculación 13/2.

Á vista dos antecedentes expostos, **esta alcaldía, resolve:**

Primeiro: Adxudicar o contrato do SUBMINISTRO DE ALUGUER DE VEHÍCULO GRÚA PARA A RECOLLIDA DE RETIRADA DE VEHÍCULOS DURANTE A SEMANA SANTA DO ANO 2015, á empresa “Talleres Méndez Fernández SL” de acordo á oferta presentada, polo importe de MIL SEISCENTOS TRINTA E TRES CON CINCUENTA (1.633,50) Euros (IVE engadido), durante os días 1 e 5 de abril de 2015 (ambos incluídos).

Segundo: Aprobar o gasto, con cargo á partida presupostaria 13300 22799 do orzamento do ente separado Entidade Local, a nivel de vinculación 13/2 por un importe de 1.633,50 Euros (IVE engadido).

Terceiro: *Na maior brevidade posible se deberá, formalizar en documento administrativo o contrato respectivo, dada a proximidade da Semana Santa.*

Dada en Sanxenxo a vinte e seis de marzo de dous mil quince.

A alcaldesa

Catalina González Bea

ante min, secretario xeral

Angel Luis López Pita